

Facultade de Filoxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 16/11/2021

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 16 de novembro na Sala de Xuntas da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Presidencia

José Francisco Montero Reguera

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Javier de Agustín Guijarro

Antonio Chas Aguión

Helena Cortés Gabaudan

Jorge Figueroa Dorrego

María Dolores González Álvarez

Carmen Luna Sellés

Ana María Pereira Rodríguez

Alexandre Rodríguez Guerra

Beatriz María Rodríguez Rodríguez (PDI)

Rosalía Rodríguez Vázquez (PDI)

Representante persoas tituladas

Alexia Dotras Bravo

Representate da sociedade

Marta Souto González

Desculpan

Lourdes Lorenzo García

Fernando Ramallo Fernández

Maribel del Pozo Triviño

Non asisten

Inmaculada Báez Montero

Belén Otero Rey (PAS)

José Yuste Frías

Invitados

Aroa Vázquez Alonso (estudiantado)

Blanca Miranda Rodas (estudiantado)

Rubén Fernández Fernández (estudiantado)

Raquel Gandón (técnica da Área de Calidade)

Ábrese a sesión ás 10:15.

O decano da a benvida ao profesor Xosé Henrique Costas que substitúe na Comisión de Calidade ao profesor Alexandre Rodríguez Guerra como novo director do departamento de Filoloxía Galega e Latina e agradécelle a súa participación durante estes anos. Informa tamén que nesta comisión participan tres estudantes —Aroa Fernández, estudante do Mila, Blanca Miranda, estudante do GTI e Rubén Fernández, estudante GLE— e a técnica superior de Calidade da Área de Calidade da Universidade de Vigo, Raquel Gandón, e o profesor Jorge Figueroa que asistirán a reunión coa Comisión de Avaliación na visita do 23 de novembro para a certificación do SGIC do centro. O profesor Alexandre Rodríguez Guerra, que tamén foi invitado, desculpa a súa ausencia a esta reunión e manifesta, a través dun correo electrónico lido polo decano, a súa lelicia por ter participado na Comisión de Calidade. O decano agradece a participación do profesor Rodríguez Guerra.

1. Validación, se procede, da Política e Obxectivos de calidade do curso 2021/2022 (anexo 4 do Manual de Calidade).

A vicedecana de calidade explica que o documento de *Política e obxectivos de calidade* (anexo 4 do Manual de Calidade) é o mesmo co do curso pasado cando se reduciron as metas dalgúns dos indicadores que non se alcanzaran nos últimos cursos (ocupación das titulacións, taxa de abandono, taxa de graduación) pero é necesario validalo en cada curso académico e ademais debe ser aprobado en Xunta de Centro. A única diferenza, despois de consultado coa Área de Calidade, é que este curso inclúese un código que corresponde á denominación no Sistema de Garantía de Calidade.

Sométense a validación. Apróbase por asentimento

2. Validación, se procede, da Listaxe de Titulacións Oficiais da Facultade de Filoloxía e Tradución (anexo 5 do Manual de Calidade).

A vicedecana de calidade sinala que A *Listaxe de Titulacións oficiais da facultade* é un documento que xa se validou o curso pasado e que inclúe todas as titulacións do centro, pero faltaba por incluír a nova de titulación de Filoloxía Aplicada Galega e Española. Tamén se indica na listaxe que o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios está en extinción a partir do curso 2021-2022.

Sométense a validación. Apróbase por asentimento

3. Validación, se procede, do cambio na composición da Comisión de Calidade polo nomeamento o 2 de novembro de 2021 do profesor Xosé Henrique Costas González como novo director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina en substitución do profesor Alexandre Rodríguez Guerra.

A vicedecana agradece a labor do profesor Rodríguez Guerra e dalle a benvida ao profesor Costas González.

Sométense a validación. Apróbase por asentimento

4. Información sobre a visita virtual do 23 de novembro para a renovación da certificación de implantación do Sistema de Garantía da Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución.

O decano agradece a presenza na reunión de Raquel Gandón, Jorge Figueroa, Aroa Vázquez, Blanca Miranda e Rubén Fernandez.

A vicedecana de calidade informa que o certificado de implantación do SGIC caducou en outubro de 2020, pero por mor da pandemia adiouse a visita que será o próximo 23 de novembro en sesión de mañá. Explica que a Comisión reunirase primeiro coa Área de Calidade e posteriormente co Equipo Decanal (nesta reunión presentarase o equipo decanal, as titulacións, os recursos humanos, número de estudantes, programas de mobilidade, infraestruturas do centro). Finalmente, reunirase coa Comisión de Calidade ao redor das 10:30 ou 11:00. Primeiro farase unha presentación de 10 minutos na que se incluírán cuestións como: a composición dos membros da Comisión de Calidade, a frecuencia das reunións, ou os cambios máis importantes nos SGIC da Facultade de Filoloxía e Tradución nos últimos seis anos (2015 a 2020): renovación do Manual de Calidade, renovación da web da facultade en materia de calidade, os Plan de Melloras, xustificación das melloras que se comprometeu a realizar a Facultade no proceso de seguimento da certificación do ano 2017. Por último, sinálanse as cuestións que pode formular a Comisión de Avaliación á Comisión de Calidade. A vicedecana sinala tamén que desde o equipo decanal pídesse a máxima colaboración a todas e todos o día da reunión.

Pide a palabra a directora do departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá e menciona que alguna cuestión como afrontar as necesidades de persoal do centro non depende nin do centro nin do título senón da Universidade polo que é difícil responder sobre estas preguntas á Comisión de Avaliación. A técnica de calidade sinala que o importante é que na Comisión de Calidade do centro haxa debate sobre a necesidade de persoal e que se traslada a vicerreitoría aínda que non dependa do centro. Pide despois a palabra a coordinadora dos graos de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e de FAGE que pregunta como nos imos a reunir o día da reunión. O decano infórmalle que a Comisión de Calidade reunirase na sala de Xuntas e a técnica de calidade explica cal é a plataforma que usará a ACSUG para a reunión. Tamén sinala que é moi positivo que cando faga preguntas a Comisión de Avaliación contesten varias persoas. A vicedecana de calidade pregúntalle á técnica de calidade cando enviarán desde a ACSUG a información para avisar á facultade da visita. De momento non ten máis información, pero preguntará na Axencia. Finalmente, a vicedecana da calidade lémbrolla ao estudantado que lles poden formular preguntas sobre a información da web do centro ou sobre o Plan de Acción Titorial. A técnica de calidade confirma que pode haber unha pregunta máis directa da Comisión de Avaliación ao estudantado sobre como interveñen na mellora do centro e das titulacións.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 10:47.

Vigo, 16 de novembro de 2021

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 09/06/2022

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero